



## BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2020 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

### Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

#### 1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar as axudas municipais para o fomento da creación de empresas no concello da Estrada para o ano 2020.

Este programa de axudas, da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio, ten a finalidade de colaborar de maneira activa na xeración de emprego no noso municipio, apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

#### 2. Empresas beneficiarias

Poderán acollerse a estas axudas o empresariado individual e as pequenas e medianas empresas (pemes), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019 (**enténdese por inicio da actividade a alta no imposto de actividades económicas -IAE-**).

Para delimitar a denominación de peme terase en conta o establecido no Regulamento (CE) núm. 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE (Regulamento xeral de exención por categorías).

#### 3. Requisitos xerais que deben cumprir as empresas beneficiarias

1. Que a empresa teña o seu domicilio fiscal e social na Estrada.
2. Que a empresa sexa viable técnica, económica e financeiramente.
3. Que sexa unha empresa de nova creación dentro dos tres sectores produtivos. Considéranse incluídos neste concepto os traspasos de negocios que non teñan vinculación familiar.
4. Que nin a empresa nin ningunha das súas persoas socias teñan débedas coa Seguridade Social, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) nin co Concello da Estrada.
5. Non poderán obter a condición de beneficiarias o empresariado e as pemes que concorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### 4. Tipo, contías das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa. O importe máximo destas axudas é de 2 000 € por empresa e a axuda non poderá superar a contía total investimento inicial realizado polas persoas promotoras.

##### Gastos subvencionables:

##### a) Gastos de constitución e apertura

Poderanse subvencionar os seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- Visado, gastos de proxectos técnicos e honorarios.
- Alta no Rexistro Mercantil.
- Certificación negativa do nome da sociedade.
- Honorarios de notaría pola elaboración de escrituras públicas.
- Gastos derivados da publicación no BORME.
- Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.

##### b) Adquisición inicial de mercadorías

A adquisición das primeiras mercadorías, materias primas e outros consumibles empregados no proceso de produción (*Non terán esta condición aquelas mercadorías que se adquiren e se poñen á venda directamente mercado (ex. As bebidas no caso dos locais hosteleiros)*).





**c) Gastos correntes do alugamento dun local**

Poderanse subvencionar os gastos do alugamento do local para a actividade. Non son subvencionables os conceptos de fianzas e garantías.

**d) Gastos de auga, calefacción e teléfono**

Subvencionarase sempre e cando os gastos correntes se deriven directamente da realización da actividade empresarial.

**e) Gastos en publicidade de lanzamento**

Dentro destes gastos recóllense a edición de folletos, a edición de tarxetas, o deseño de catálogos e logotipos, os anuncios en medios de comunicación ou a rotulación.

**f) Dereitos de propiedade industrial**

Poderanse subvencionar os seguintes dereitos:

- Patentes
- Modelos de utilidade
- Deseño industrial
- Marcas de produtos ou servizos
- Nomes comerciais
- Dominio de Internet/páxina web

**g) Elaboración da páxina web da empresa.**

**h) Asistencia das persoas promotoras a cursos, seminarios e xornadas de temas que teñan que ver co obxecto da formación para a posta en marcha da actividade empresarial en xeral, e tamén con temas relacionados de maneira directa.**

**i) Inversións en concepto de adquisición de activos fixos novos: ordenadores de sobremesa, portátiles, terminais de punto de venda, impresoras etc. Deben ser activos fixos debidamente xustificadas e necesarios para o desenvolvemento da actividade empresarial.**

**l) Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM).**

Poderase subvencionar o custo desde imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e só no caso de ser imprescindible e estar relacionado directamente coa actividade que se vai desenvolver (transportista, comercial, reparto etc.).

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionados relacionados anteriormente. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida será a Comisión de Valoración quen decida.

## 5. Criterios de avaliación

A concesión das subvencións realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

**1) A situación social das persoas socias promotoras (ata 10 puntos).**

Este baremo terá en conta a pertenza das persoas socias aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, como é o caso dos seguintes:

- Persoas para as que a actividade obxecto da subvención sexa o seu primeiro emprego.
- Menor de 30 anos.
- Maior de 45 anos.
- Mulleres.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (\*).
- Persoas que esgotasen a súa prestación por desemprego ou o seu subsidio.

Por cada condición que reúna cada unha das persoas socias promotoras outorgaráselle **3 puntos**.





(\*) Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela (por falta do período esixido de residencia ou empadramento ou porque esgotaran o período de percepción legalmente establecido) ou que teñan membros da súa unidade familiar en situación de desemprego.
- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogadicción, debidamente acreditados ou autorizados.
- Persoas internas de centros penitenciarios cunha situación penitenciaria que lles permita acceder a un emprego, así como persoas liberadas condicionais ou ex-reclusas que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.
- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
- Persoas que teñan acreditada pola administración competente a condición de vítima de violencia de xénero.
- Mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral. Tamén transexuais ou persoas en proceso de reasignación sexual.
- Persoas menores internas cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como as que estean en situación de liberdade vixiada e as ex-reclusas.
- Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración.
- Persoas traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e cuxas características condicionen a súa integración social.
- Persoas emigrantes retornadas con graves necesidades persoais ou familiares.
- Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

**2) Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea a tempo completo por un período mínimo de 6 meses (2 puntos). No caso de xornadas parciais, puntuarase de xeito proporcional.**

**3) Antigüidade no desemprego das persoas promotoras e/ou das contratadas a xornada completa (ata 10 puntos).**

	<b>1 persoa</b>	<b>2 persoas</b>	<b>3 persoas</b>
<b>Menos de 3 meses</b>	1 punto	2 puntos	3 puntos
<b>De 3 a 6 meses</b>	2 puntos	4 puntos	5 puntos
<b>De 6 a 12 meses</b>	3 puntos	6 puntos	8 puntos
<b>Máis de 12 meses</b>	4 puntos	8 puntos	10 puntos

**4) Que a(s) persoa(s) promotora(s) e contratada(s) por conta allea estea(n) empadroadas no Concello Estrada (ata 10 puntos): dous puntos por cada persoa empadroadas.**

**5) Que a presentación da solicitude estea completa, sen que se precise facer ningún tipo de requirimento tocante á documentación necesaria para o baremo do expediente (2 puntos).**

Para repartir o orzamento terase en conta a valoración acadada segundo os criterios mencionados anteriormente. Solicitude máis puntuada obterá 2 000 € de subvención. A partir da subvención que acade esta puntuación máxima daráselle un valor monetario a cada punto acadado polo resto das empresas e persoas autónomas, coa finalidade de outorgar a axuda.

No caso de que o número total de solicitudes poidese exceder o crédito existente, o cálculo nominal do punto farase sumando o total de puntos obtidos por todas as solicitudes dividido entre o crédito existente, e asignándose en función



puntuación total acadada por cada solicitude.

## 6. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos, contados desde a data da resolución da concesión. A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante un requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio no prazo de un mes desde a súa modificación.

O cesamento da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorra un ano desde o inicio da actividade empresarial, será causa do reintegro total da subvención concedida.

A partir deste ano, o cesamento da actividade ou a modificación da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, tamén salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximase substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal apreciar mala fe ou fraude nos motivos do cesamento da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención, a empresa ou persoa autónoma beneficiaria devolverá o importe íntegro da subvención.

## Segunda. Exclusiones e incompatibilidades

O conxunto das axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables mediante as presentes axudas. En tal caso, cando a actividade for financiada con outros recursos, deberá xustificarse o importe, a procedencia e a aplicación deses fondos.
- Cando se trate de axudas compatibles entre elas, dadas en concepto de *minimis*, por calquera administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superar o límite de 200 000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais para a mesma entidade beneficiaria e, no caso dunha empresa que opere no sector do transporte por estrada, non será superior a 100 000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

## Terceira. Competencia e procedemento de tramitación

### 1. Instrución e tramitación das axudas

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria por **Decreto da Alcaldía (xustificada a urxencia dentro das medidas urxentes para paliar os efectos económicos e sociais do Covid-19 no noso municipio)**. Tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (a concesión de subvencións realizarase mediante a comprobación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre elas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 5 da base primeira).

A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras informe elaborado pola Comisión de Valoración, propoñerlle a concesión e/ou a denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local **ou no seu caso unha resolución da alcaldía** será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O seu acordo publicarse no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada, nas páxinas web do Concello da Estrada [aestrada.gal](http://aestrada.gal) e [emprego.aestrada.com](http://emprego.aestrada.com), e tamén se poderá notificar de forma individual no enderezo de correo electrónico e no enderezo postal indicados na solicitude.

O expediente de concesión da subvención conterá o informe do órgano instructor no que conste que, da información que se obra no seu poder, se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a ela (artigo 21.1, parágrafo 6, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).





## 2. Comisión de valoración e seguimento

Existirá unha comisión de valoración das solicitudes e de seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Comercio.
- Dúas persoas traballadoras nomeadas pola Alcaldía.
- Unha das persoas traballadoras (que terá que ser funcionaria) actuará como secretaria.

A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio será a encargada de avaliar as solicitudes. Tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases e levará o control, o seguimento e a inspección das axudas concedidas. Para as accións de control, seguimento e inspección, a comisión de valoración e seguimento e a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio poderanlles requirir ás persoas empresarias e/ou ás pemes beneficiarias a documentación necesaria, co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

## Cuarta. Solicitudes, obrigas e prazo de presentación

### 1. Solicitudes

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (anexo I), presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello da Estrada e excepcionalmente por calquera outro medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE nº 236, de 2 de outubro d 2015).

As solicitudes, debidamente cubertas e asinadas, dirixiranse á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio e deben ir acompañadas da **seguinte documentación** (orixinal ou copia cotexada):

- 1) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos recollidos nos puntos 2 e 3 da base primeira (anexo II).
- 2) Declaración responsable, da sociedade e de todas as súas persoas socias, de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello da Estrada (anexo II).
- 3) Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas segundo o establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (anexo II).
- 4) Certificación bancaria para os efectos do pagamento da axuda.
- 5) Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade (anexo III).
- 6) Memoria xustificativa do proxecto empresarial (anexo IV).
- 7) Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables en que se acredite o pagamento mediante orixinal ou a copia cotexada da transferencia bancaria, recollidos no punto 4 da base primeira (anexo V).
- 8) Certificación acreditativa de que nin a empresa nin ningunha das súas persoas socias teñan débedas coa Seguridade Social, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, nin coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- 9) CIF/NIF/DNI da empresa ou da persoa empresaria individual e das persoas socias comuneiras e, se é o caso, unha copia do contrato/escritura de constitución da empresa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedades limitadas, só será preciso o DNI da persoa representante da empresa e das persoas socias que autoempreguen).
- 10) Alta no IAE da empresa ou da persoa empresaria individual que solicita a axuda e, no caso das sociedades limitadas de nova empresa (SLNE), o documento único electrónico (DUE).
- 11) Alta no réxime correspondente da Seguridade Social e vida laboral das persoas empresarias e traballadoras cando creen o seu propio posto de traballo.
- 12) Facturas dos gastos e xustificantes bancarios para os que se solicitou a subvención, xunto coa póliza do seguro de vida ou contrato de alugamento, se é o caso. No caso de licenzas, deberase indicar a contía aboada.
- 13) Solicitud de licenza ou declaración responsable da apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para





desenvolvemento da actividade.

14) Documentación que cómpre presentar para a avaliación (punto 5 da base primeira):

14.1) Certificados acreditativos da situación social das persoas promotoras autoempregadas:

- Vida laboral
- DNI
- Certificado de discapacidade
- Acreditación da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social
- Acreditación das persoas que esgoten a súa prestación de desemprego ou subsidio, se é o caso.

14.2) No caso de contratacións:

- DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.
- Contrato de traballo, debidamente rexistrado polo Servizo Público de Emprego.
- Alta na Seguridade Social das persoas contratadas.
- Certificados ou calquera documento que a persoa solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos ou falte algún documento esixible consonte a base cuarta, requiriráselles á(s) persoa(s) interesada(s) que, no prazo de dez días, emende(n) a falta ou achegue(n) os documentos preceptivos, indicándolles que, se non o fixer(en) así, considerarase que desistiu/desistiron da súa solicitude. Neste caso, arquivarase a solicitude despois dunha resolución ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda a documentación deberá presentarse numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada. Non é necesario presentar os DNI cotexados. No caso de dúbida sobre a documentación achegada, será a Comisión de Valoración a que decida.

## 2. Obrigas e prazos

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Colocar no negocio un cartel informativo no que se faga constar que a empresa recibiu unha subvención por parte do Concello da Estrada (este cartel será proporcionado desde a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio).
- Acreditar, no momento de realizar da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Estrada ( esta comprobación será realizada de oficio polo propio concello). Non se pagará a subvención mentres a empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente do pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ou mentres sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello da Estrada calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- A persoa ou empresa beneficiaria deberase someter ás actuacións de control, comprobación e inspección que leve a cabo a Comisión de Valoración, a quen lle corresponderá a comprobación destas subvencións. Deberá facilitar á Comisión de Valoración, á Intervención Municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas toda a información que lle reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Para isto, deberá conservar documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, xa que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control.





O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días, contados desde o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A persoa ou empresa solicitante poderá retirar das dependencias municipais a documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados no prazo de tres meses desde a publicación do acordo. Para isto deberá realizar unha solicitude previa que enviará a través do Rexistro Xeral do Concello da Estrada. Transcorrido o dito prazo, a Administración municipal non estará obrigada a custodiar a documentación.

### **Quinta. Concesión das axudas e tramitación do pagamento**

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou a denegación das axudas, para o que terá en conta o informe previo da Comisión de Valoración.
- O prazo para resolver a concesión será dun máximo de catro meses, contados desde o último día do prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello da Estrada.

Transcorrido un prazo de dous meses sen que a Xunta de Goberno Local dite unha resolución expresa, entenderase que se desestima a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderase recorrer en reposición no prazo de tres meses máis.

Transcorrido este último prazo, só se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Estrada, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada e nas páxinas web [aestrada.gal](http://aestrada.gal) e [emprego.aestrada.com](http://emprego.aestrada.com), e poderase notificar individualmente no enderezo de correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días desde a resolución da concesión ou denegación, segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Poderá formularse, de forma potestativa, un recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra esta resolución pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, consonte o disposto na [Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa](#).

A persoas adxudicatarias das axudas estarán obrigadas a lle comunicar á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio a aceptación ou a renuncia ás axudas por escrito, no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao da súa notificación. Se non se produce ningunha manifestación expresa unha vez transcorrido este prazo, entenderase tacitamente como aceptada. Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas nun pagamento único condicionado a que a entidade estea ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello da Estrada e presentar a seguinte documentación:

- a) Unha relación clasificada dos gastos totais subvencionados en que se identifique a empresa acreedora, o documento, o seu importe, a data de emisión e, de ser o caso, a data de pagamento.

Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando se refiran a bens ou servizos susceptibles de recuperación ou compensación.

- b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Estas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, de ser o caso, serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal (se ten local, só o enderezo do local; se non o ten, o enderezo do modelo da declaración censual).
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- Enderezo (tanto do persoa expedidora coma da tomadora da factura).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, da adquisición ou da prestación.
- Lugar e data de emisión.



Se a entidade está suxeita a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impositiva e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.

Nas facturas emitidas por profesionais, a retención pertinente do IRPF.

- c) Declaración xurada da persoa preceptora (anexo VI) que acredite os seguintes puntos:
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que se lles aboaron ás persoas expedidoras ou, de ser o caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.
- d) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do importe sobre a renda das persoas físicas e suxeitos á retención, cumprirá acreditar que se realizou a retención pertinente, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- e) Certificados de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Concellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Estrada.
- f) Certificado emitido pola Tesourería Municipal do Concello da Estrada en que conste que se está ao corrente da obrigas tributarias municipais.

O prazo para presentar esta documentación será de 10 días, contados desde o día seguinte ao da notificación da concesión das axudas correspondentes. Toda a documentación deberá presentarse numerada, con data, coa identificación da persoa solicitante e da empresa e coa sinatura da súa persoa representante. Presentarase preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello da Estrada e excepcionalmente por calquera outro medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE nº 236, de 2 de outubro d 2015)

O servizo xestor que tramita a concesión, a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio, levará a cabo a comprobación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Este servizo informará da xustificación axeitada da subvención, sen prexuízo do seguimento do mantemento da concesión ou do tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

## Sexta. Publicidade

### 1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

A convocatoria deberá respetar o previsto no art. 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, onde se indica o procedemento para a publicación de tódalas convocatorias de subvencións sometidas á Lei 38/2003, sen prexuízo de que a maiores se proceda á publicación por anuncios en prensa (cando menos, en dous periódicos dos de maior tirada da provincia), no taboleiro de anuncios do concello, e mediante bandos de Alcaldía en lugares que garanten o coñecemento polos posibles destinatarios das axudas.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na sede electrónica do Concello do Estrada.

### 2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan publicaranse, coas devanditas indicacións, nas páxinas web municipais [aestrada.gal](http://aestrada.gal) e [emprego.aestrada.com](http://emprego.aestrada.com), alén de seren expostas no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada. Tamén se pode notificar a través do enderezo de correo electrónico indicado na solicitude.

### 3. Publicidade do financiamento público

As persoas beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local, de forma visible, cartel no que se indique que a actividade está financiada polo Concello da Estrada. O cartel subministráralle o Concello da Estrada.

## Sétima. Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas empregaranse para os efectos de comprobación da concorrencia dos requisitos necesarios para obter as ditas axudas e para os efectos da súa concesión. A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio é a responsable do seu tratamento.







## Oitava. Perda do dereito ao cobramento, renuncia, nulidade e reintegro. Réxime de infraccións e sancións

### 1. Perda do dereito ao cobramento

O incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto; así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, se é o caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da súa contía ou ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, máis aos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

### 2. Renuncia

A persoa/empresa beneficiaria poderá renunciar voluntariamente á subvención consonte as condicións que establece a normativa legal aplicable.

### 3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e do seu reintegro, actuarase consonte o disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, agás que se acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e a devolución da axuda incompatible coa municipal.

En canto ás infraccións e sancións en que puideren incorrer as persoas ou empresas beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición, actuarase de acordo co disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

## Novena. Normativa aplicable

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado español en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria; polas bases de execución dos orzamentos municipais vixentes; e polas restantes normas de dereito administrativo e, na súa ausencia, polas normas do dereito privado.

## Décima. Disposicións adicionais

### 1. Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación **orxamentaria 433.489.04** do orzamento municipal para o ano 2020, cun importe total de 24 000 €.

### 2. Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumpriron as directrices establecidas na comisión relativa ás axudas *de minimis*.

## Undécima. Disposición derradeira

As solicitudes correspondentes poderanse presentar a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases e na presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello da Estrada quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.



Cod. Validación: TYFC6DKALFRKTM/KWQZESX2T | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



**Concello da Estrada**  
Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio

Praza da Constitución, 1  
36680 A Estrada, Pontevedra  
Tfno.: 986 570 165  
Fax: 986 570 836  
aestrada.gal

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

